



PROTOCOLO DE AVALIACIÓN DE ALUMNADO DE BACHARELATO AO QUE SE LLE DEBERÁ MODIFICAR OS CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN ESTABLECIDOS NAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS POR FALTAS DE ASISTENCIA INJUSTIFICADAS

[Aprobado en reunión de CCP de data 27/01/2020.]

1. OBXECTIVO

Establecer un protocolo que regule as modificacións dos criterios xerais de avaliación establecidos nas programacións didácticas do alumnado de bacharelato por faltas de asistencia injustificadas.

2. MARCO NORMATIVO

- Real Decreto 732/1995, de 5 de maio, sobre os dereitos, deberes e normas de convivencia do alumnado de centros sostidos con fondos públicos (BOE 2/6/1995).
- Art. 44.2. A falta a clase de xeito reiterado pode provocar a imposibilidade de aplicación correcta dos criterios xerais de avaliación e a propia avaliación continua, polo que, á parte das correccións que se adopten no caso das faltas injustificadas, a xuízo do titor ou titora, os regulamentos de réxime interior establecerán o número máximo de faltas por curso, área e materia e os sistemas extraordinarios de avaliación previstos para este alumnado.

3. XUSTIFICACIÓN DAS FALTAS DE ASISTENCIA DO ALUMNADO

1. A asistencia a clase é obrigatoria para todos os alumnos e alumnas matriculados no centro. As faltas de asistencia deben xustificarse, en todos os casos, ante o titor ou a titora do grupo.
2. As faltas de asistencia serán xustificadas, dentro dos tres días lectivos seguintes á incorporación do alumno/a, polos pais, nais ou titores/as legais, a través da aplicación Abalar Móbil, ou no propio centro.
3. Os alumnos e alumnas maiores de idade xustificarán as faltas mediante certificación ou documento que reflecta claramente a situación ou causa que imposibilitou a súa asistencia á clase. En caso de faltar máis dunha semana deberá comunicárselle esta circunstancia ao centro.
4. É potestade do titor/a aceptar ou non a xustificación das faltas presentadas polos alumnos, e que lle ofrezan dúbidas sobre a súa validez ou pertinencia.

4. LÍMITES DE FALTAS INJUSTIFICADAS

1. A falta de asistencia a clase de xeito reiterado e injustificado, á marxe de que sexa obxecto da corrección correspondente, fai imposible a aplicación correcta dos criterios de avaliación. Así pois, o feito de que un alumno/a supere o 10% das horas lectivas de cada materia sen xustificar provocará a modificacións dos criterios xerais de avaliación establecidos na programación didáctica desa materia.
2. Tendo en conta que o curso escolar ten aproximadamente 33 semanas lectivas, o número máximo de faltas injustificadas estipulado en función do n.º de horas semanais de cada materia, é o seguinte:



N.º de horas semanais da materia	1	2	3	4
N.º máximo de faltas anuais inxustificadas nesa materia	2	4	6	8

NOF do IES Mendiño (apartado 2.5.2.)

3. O alumnado que supere a porcentaxe estipulada de faltas de asistencia sen xustificar verá modificados os criterios xerais de avaliación establecidos nas programacións didácticas de forma que o peso na avaliación das actividades realizadas durante a asistencia á clase será do 5% e o 95% restante corresponderá a unha única proba que terá lugar a final de curso antes do remate da actividade lectiva.
4. A modificación dos criterios xerais de avaliación das programacións didácticas por superar a porcentaxe estipulada de faltas de asistencia sen xustificar non implica a perda do dereito de asistencia ás clases.
5. As faltas de asistencia reincidentes e inxustificadas son faltas contrarias ás normas de convivencia do centro e, polo tanto, serán obxecto das medidas correctoras oportunas.

5. PROCESO DE INFORMACIÓN AOS PAIS, NAIS, TITORES/AS LEGAIS (OU AO ALUMNADO MAIOR DE IDADE)

1. Ao chegar ao 50% do límite de faltas sen xustificar establecido para unha determinada materia, o profesor/a afectado deberá comunicarllo de inmediato ao titor/a. En calquera caso, xa sexa por indicación do profesor afectado, xa por iniciativa propia, o titor/a comunicará por correo certificado á familia (ou ao alumno/a, se é maior de idade) a situación do alumno/a en canto á posibilidade de modificación dos criterios xerais de avaliación da programación didáctica da materia. Dará tamén conta desta circunstancia á xefatura de estudos.
2. Para que tal modificación se leve a cabo, cando tanto o titor/a dun alumno/a como o profesor/a correspondente comproben que o n.º de faltas sen xustificar alcanzou o máximo estipulado, comunicarán dita situación á xefatura de estudos, quen se encargará da notificación á familia (ou ao alumno/a, se é maior de idade) enviando un escrito por correo certificado, asinado polo titor/a, o profesor/a da materia e a dirección do centro. Unha vez enviada a notificación á familia, e dado ademais que o prazo estipulado para a xustificación das faltas de asistencia xa se entende finalizado, xa non será posible proceder á xustificación de ningunha das faltas contabilizadas para a modificación dos criterios xerais de avaliación da programación didáctica da(s) materia(s).